

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013692	IES Val do Tea	Ponteareas	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos do 3^a curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 157/2022, do 2022, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A materia debe atender a unha formación integral da persoa e afondar no tratamento transversal dos problemas coa finalidade de proporcionar as bases para unha formación autónoma do alumnado nos valores dunha cidadanía plural, dialogante e democrática.

Neste sentido, constitúe unha oportunidade para poñer en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación crítica do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo e autónomo na súa propia formación.

Dado que a materia ten unha presenza semanal de 1 hora, semella importante seleccionar moi ben a metodoloxía e os contidos a desenvolver para que a aprendizaxe sexa significativa.

Outro aspecto tido en conta no deseño da programación foi a especificidade do noso centro educativo, o seu entorno e as características do alumnado. A presente programación desenvólvese no IES Val do Tea. No noso instituto, impártense estudos de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Educación para Adultos/as e Escola Oficial de Idiomas. Situado no núcleo urbano de Ponteareas (provincia de Pontevedra), o noso alumnado procede maioritariamente da propia vila e do entorno rural de dito concello. Tamén hai un pequeno volume de alumnado que se achega ao noso centro desde concellos limítrofes (especialmente para cursar o Bacharelato de Artes). Así mesmo, contamos con alumnado, en número crecente nos últimos anos, procedente da emigración, sobre todo de países latinoamericanos. Cómpre salientar que, debido á dispersión da poboación, gran parte do alumnado ten que empregar o transporte público para desprazarse ao centro. O núcleo principal de servizos concéntrase na vila, que conta cunha pequena biblioteca, un auditorio con salón de actos, un conservatorio de Música, así como un polideportivo e piscina. O acceso de boa parte do noso alumnado a estes servizos culturais ou de lecer é imposible, pero nalgúns parroquias circundantes tamén hai centros de lectura onde se organizan diversas actividades culturais. A maioría do noso alumnado emprega as dúas linguas, galego e castelán, constatándose dúas realidades: unha maioritaria na que a lingua materna é o castelán, e outra na que o galego é a lingua nai. Aínda así, existe unha tendencia cada vez maior a que o castelán sexa a lingua materna. No proxecto curricular do IES Val do Tea destaca como seña principal de identidade a defensa dun ensino público e integrador sen facer diferenzas, respectando os dereitos básicos e educando na solidariedade, na igualdade e na convivencia pacífica. (descricaoión do entrono socio económico e cultural).

Canto aos grupos de 3^o de ESO aos que vai destinada esta programación, contamos con 4 (A, B, C e PDC), que, a efectos desta materia, se redistribúen en 3 porque o alumnado de PDC se insire no seu grupo de referencia (A): o primeiro grupo (A+PDC) está composto por 29 alumnos/as; o grupo B, por 27; e o grupo C, por 20. A ratio nos dous primeiros grupos, como pode apreciarse, non é baixa, aspecto este que sempre xoga en contra dunha debida atención á diversidade, e máis se temos en conta que en ditos grupos hai un volume importante de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autocoñecemento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodpendente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Autocoñecemento e autonomía	Emocións. Diversidade afectivo-sexual. Heteronomía e autonomía. Estadios do desenvolvemento moral. Moral e Ética.	34	14	X		
2	Sociedade e xustiza	Sociabilidade do ser humano. Influencia social. Teorías sobre a orixe da sociedade. Democracia e separación de poderes. Teorías da xustiza.	33	12		X	
3	Retos do mundo actual	Dereitos Humanos. Igualdade entre homes e mulleres. Multiculturalismo. Ecoloxía e sustentabilidade.	33	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Autocoñecemento e autonomía	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	50%	PE	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	50%.		
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	50%.		
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	50%.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - O obxecto da ética. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. - A natureza humana. - Liberdade e moralidade como características especificamente humanas. - A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital. - A educación de emocións e sentimentos. - A autoestima persoal. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - A educación afectivo-sexual. - Análise das accións. - Os motivos da acción: desexos e razóns.

Contidos

- A vontade como razón práctica.
- A autonomía da vontade.
- A responsabilidade das accións.
- A ética e as éticas como guías das nosas accións.
- O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais.
- Universalismo e pluralismo moral.
- Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude.
- Ética e dereito.
- Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito.
- O conflito lexitimidade-legalidade.
- A obxección de conciencia.
- Os dereitos individuais e os deberes cidadáns.
- O debate sobre a liberdade de expresión.
- A ética na sociedade actual.
- O problema da desinformación.
- A protección de datos e o dereito á intimidade.
- O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais.
- As condutas adictivas.

UD	Título da UD	Duración
2	Sociedade e xustiza	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	50%.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	50%.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	50%.		
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións cívicas e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	50%.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A sociedade humana: natureza e orixe. - As estruturas sociais e os grupos de pertenza. - Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo. - A convivencia social. - As virtudes do diálogo e as normas de argumentación. - A resolución pacífica de conflitos. - A empatía cos demais. - A política. - Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade. - Formas de Estado e tipos de goberno. - A democracia: principios, procedementos e institucións. - O Estado español como estado social e democrático de dereito. - Valores constitucionais.

Contidos

- A memoria democrática.
- A participación democrática: ser cidadáns.
- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.
- A procura da xustiza social.
- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.
- Globalización económica e bens públicos globais.
- O comercio xusto.
- O valor social dos impostos.
- Os desafíos da democracia actual.
- Os códigos deontolóxicos.
- As éticas aplicadas.
- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.
- O desafío da intelixencia artificial.
- As propostas transhumanistas.

UD	Título da UD	Duración
3	Retos do mundo actual	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	50%.	PE	100
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	50%.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	50%.		
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecoddependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	50%.		
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	50%.		
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	50%.		
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	50%.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os dereitos humanos. - Referente moral da democracia e a xustiza social. - Xeracións e historia dos dereitos humanos. - Dereitos da infancia. - Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza. - A igualdade de xénero. - As diversas ondas e correntes do feminismo. - A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres. - A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.

Contidos

- A sociedade e a cidadanía plural.
- O interculturalismo.
- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.
- Os dereitos LGTBIQ+.
- A convivencia pacífica e segura.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.
- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.
- O dereito internacional e a cidadanía global.
- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.
- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.
- Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta.
- Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodependencia.
- A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración.
- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.
- Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos.
- Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable.
- Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.
- Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Consumo responsable e soberanía alimentaria.
- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.
- Xustiza ecolóxica.
- Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.
- Ecofeminismo e ética do coidado.
- Protección e dereitos dos animais.
- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.
- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Para comezar, intentaremos implementar na aula o DUA: presentación da información mediante distintos medios, expresión multimodal do alumnado e múltiples formas de motivación.

Sinalado iso como horizonte, defendemos aquí unha aproximación construtivista á aprendizaxe, en virtude da cal é o propio alumnado o que, a partir da súa experiencia e dos seus coñecementos previos, isto é, da súa bagaxe, constrúe de maneira significativa a súa aprendizaxe ao verse impelido a reacomodar perpetuamente, nun continuado conflito cognitivo altamente frutífero, os esquemas mentais que xa posúe a aqueles outros que portan os novos coñecementos, ampliando así cada vez máis a complexidade dos seus armazóns cognitivos. Seguindo, polo tanto, as teorías da aprendizaxe significativa de Ausubel (amplamente aceptadas pola comunidade educativa), é fundamental que as materias interpeleen ao alumnado, o cal só grazas a esa interpelación será capaz de relacionar as novas aprendizaxes coas xa adquiridas, reaxustando e reconstruíndo desta maneira a súa visión do mundo. Consideramos ademais que este plantexamento metodolóxico é especialmente axeitado para Educación en Valores Cívicos e Éticos, dado o seu carácter vinculante coas experiencias do alumnado.

As principais cuestións a abordar na materia consistirán, respectando sempre os ritmos de aprendizaxe de cada alumno e alumna, na realización de proxectos nos que o propio alumnado teña que resolver conflitos e así desenvolver un fortalecemento da súa autonomía e responsabilidade en coherencia cos valores dunha cidadanía plural, crítica e democrática.

Así mesmo é de especial relevancia que o alumnado coñeza as canles de participación cidadá no marco da sociedade na que vive para que poida desenvolver estilos de vida saudábeis e sustentábeis e sobre todo baseados nunha participación activa e cooperativa na que saiba poñer en práctica os valores comúns e o pensamento crítico que o fornecerá na súa madurez persoal e académica.

Por outra banda, temos a aprendizaxe cooperativa, mediante a cal se desenvolverán proxectos de investigacións, exposicións conxuntas e debates, o que fortalecerá a empatía, as relacións sociais e académicas dentro da aula e no grupo clase.

Aprendizaxe mediante o emprego das TICs: parte do traballo de aula será xestionado coa utilización de internet, videos divulgativos, etc. Con respecto a este último tipo de aprendizaxe, cómpre salientar a importancia de traballar a busca de información, así como as fake news, e a verificación de fontes á hora de buscar información. A base do traballo que se fará na materia de valores estará encamiñado á investigación e á aprendizaxe autónoma a través de traballos individuais e/ou grupais nos que desenvolver cuestións pertinentes aos contidos dende un punto de vista creativo e de descubrimento. Contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, exposición de traballos empregando presentacións dixitais, etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Fichas, impresos e documentos proporcionados polo profesorado
Caderno persoal
Aula virtual da materia en E-Dixgal
Material audiovisual
Prensa diaria
Bibliografía e libros de consulta
Dotación da aula (encerado dixital, tradicional, mesas, cadeiras...)

Cada sesión terá lugar nun aula do centro cun ordenador conectado a internet e con proxector. Os pupitres individuais servirán tanto para o traballo individual como para a formación dos grupos. Os materiais escollidos teñen que ver coa aprendizaxe autónoma que vimos desenvolvendo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras dúas semanas de clase levarase a cabo unha proba inicial que consistirá na reflexión por escrito arredor de catro temas de actualidade. Ademais, nestas primeiras dúas semanas o profesorado observará ao alumnado e tomará notas no caderno de aula.

As conclusións obtidas daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados vertidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación, levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Proba escrita	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

O 100% da nota obterase de probas escritas e/ou tarefas de diversa índole realizadas polo alumnado.

Para o cálculo das notas de cada avaliación, os redondeos faranse da seguinte maneira: a partir do medio punto, subírase ao enteiro inmediatamente superior e, de non acadarse ese 0,5, baixárase ao enteiro inmediatamente inferior.

A cualificación final será a media aritmética, aplicando o redondeo arriba explicado, das cualificacións obtidas nas tres avaliacións (no caso de que algunha delas estea suspensa e fora recuperada, terase en conta a nota obtida na recuperación).

Criterios de recuperación:

Cunha avaliación continua e progresiva, íranse aplicando medidas de recuperación en todas as avaliacións para facer un seguimento exhaustivo das dificultades que presente o alumnado. Polo tanto, deberanse realizar con novas indicacións aquelas tarefas e/ou probas que non acaden un mínimo dun 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non se dá esta circunstancia.

6. Medidas de atención á diversidade

Con carácter xeral, o principio de atención á diversidade contéplase nesta materia cun carácter estrutural, que atinxe a todos os elementos didácticos da programación: están diversificados os obxectivos, os contidos, os procedementos e instrumentos de avaliación e de recuperación, as actividades e tarefas encomendadas, etc. Deste xeito, pódese atender aos diversos ritmos de aprendizaxe, estilos cognitivos e mesmo intereses de cada alumno/a.

Desde o principio da diversidade, entendido tamén como criterio de equidade, actuaremos positivamente con aqueles/as alumnos/as que teñan máis dificultades, tanto de comprensión como de expresión. Por tanto, apelando ao concepto de *¿xustiza correctiva¿* aristotélica, trátase de prestar especial apoio e reforzo a ditos/as alumnos/as.

Dúas medidas, pensamos, axudarannos nesta tarefa de axudar ao alumnado con máis dificultades:

- Circunscribir a materia a mínimos.
- Desenvolver as clases a partir do debate e da intervención espontánea do alumnado.

Para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, recorrerase, de ser necesario, ao Departamento de Orientación.

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso debemos ter en conta o plan específico personalizado que desenvolve o artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade e espírito crítico	X	X	X
ET.5 - Orientación da conduta cara valores democráticos e éticos	X	X	X
ET.6 - Competencia dixital	X	X	X
ET.7 - Emprendemento social	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.10 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X
ET.11 - Formación estética	X	X	X
ET.12 - Educación para a paz	X	X	X
ET.13 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable			X
ET.14 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X
ET.15 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X

Observacións:

Tempo adicado á lectura e á oratoria:

Traballaremos a lectura introducindo textos de pequena e mediana extensión para traballar e comentar na aula. Canto á oratoria, é inherente ao desenvolvemento das clases dado o enfoque dialóxico que lles imprimimos.

Outras observacións:

No ambiente da aula, e en todas as tarefas da materia:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Como noutras materias do Departamento de Filosofía, tanto os contidos como os instrumentos propios da disciplina son especialmente axeitados para traballar as liñas trasversais do curriculum.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
IV Certame filosófico sobre o amor	Desconstrución do amor romántico co motivo da celebración do 14 de febreiro		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro

Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A organización e secuencia das unidades didácticas foi adecuada ás características do alumnado.
Os criterios de avaliación de cada unidade didáctica foron axeitados para o logro efectivo por parte do alumnado.
Os contidos de cada unidade didáctica foron axeitados para o logro efectivo por parte do alumnado.
A secuencia de criterios de avaliación e contidos foi acertada para o logro das aprendizaxes por parte do alumnado.
Metodoloxía empregada
O principio 1 do DUA (proporcionar múltiples formas de presentación da información) respectouse ao longo das unidades didácticas,
O principio 2 do DUA (proporcionar múltiples formas de acción e representación) respectouse ao longo das unidades didácticas.
O principio 3 do DUA (proporcionar múltiples formas de motivación) respectouse ao longo das unidades didácticas.
As interaccións entre o alumnado contribuíron á construción das aprendizaxes.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos didácticos e materiais empregados foron variados e funcionais ao longo das unidades didácticas.
A dixitalización está presente na procura de información e realización de actividades.
Medidas de atención á diversidade
A atención á diversidade tivo en conta as consideracións recollidas nos Protocolos de actuación da Consellería de Educación.
As medidas de atención á diversidade necesarias adoptáronse o antes posible de xeito efectivo tendo en conta as necesidades educativas do alumnado.
Clima de traballo na aula
A metodoloxía empregada promoveu a participación e motivación de todo o alumnado de xeito activo e efectivo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Houbo coordinación coas familias ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.
Houbo coordinación entre o profesorado.
Outros
Os instrumentos de avaliación foron axeitados para a constatación obxectiva das aprendizaxes por parte do alumnado.
Ofreceuse unha retroalimentación axeitada ao alumnado por parte do profesorado.
Fomentouse e levouse a cabo a autoavaliación.
Fomentouse e levouse a cabo a coavaliación.

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase, na medida do posible, un seguimento a través da aplicación Proens.

9. Outros apartados

1. Reflexión final

Queremos deixar constancia de que, ao noso xuízo, levar a planificación dos elementos curriculares ao paroxismo, tendencia á que parece empurrar a crecente burocratización da ensinanza, lle quita toda a utilidade a esa planificación (en principio indubidablemente necesaria), converténdoa nunha monstrosa colección de ítems tan inservible como irreal (por non dicir absurda). Co propósito de ilustrar como a hipertrofia de pautas pretendidamente técnicas para levar a cabo unha tarefa pode chegar a comprometer a efectiva execución da mesma, remitimos ás "Instrucciones para subir una escalera" de Julio Cortázar (texto que verdadeiramente inspira, en profundidade, o presente documento): <https://ciudadseva.com/texto/instrucciones-para-subir-una-escalera/>